



O xefe do Servicio Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo informa do seguinte:

1º.- Que o 22 de agosto de 1984 foi subscrito pola Sociedade Agraria de Transformación nº 4.629 e a Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación o convenio do monte **PEREIRA, 271-6532** emprazado no concello de A Fonsagrada.

2º.- Que os actuais propietarios do monte **PEREIRA**:

- D. Pedro Fernández López
- D. Armando López Alonso
- D. Oliverio Álvarez López e
- D. Fermín Fernández López

na Fonsagrada o 26 de febreiro do 2002 outorgaron poder notarial a favor de D. JOSÉ ANTONIO FREIJO FERNÁNDEZ E D. MANUEL FERNÁNDEZ PÉREZ, para que puideran:

- Aproba-las bases dun novo convenio coa Consellería de Medio Ambiente que incluíse as 108 ha repoboadas procedentes do monte **PEREIRA, 271-6532**.
- Propoñer á Consellería a rescisión de 4 ha transformadas en pastizal. Os gastos ocasionados nelas xa se cargaron na conta do convenio.
- Solicitar da Consellería de Medio Ambiente a rescisión total do convenio do monte **PEREIRA, 271-6532**.

3º.- Que o 20 de agosto do 2002 remitiuse un EDICTO ó concello de A Fonsagrada, dándolle conta do solicitado pola SAT nº 4.629, para que as persoas que puideran ser afectadas polo citado convenio puideran facer, durante o prazo dun mes as alegacións que estimasen oportunas.

4º.- Que o 2 de outubro de 2002, o secretario do concello de A Fonsagrada certificou que o Edicto estivo exposto ó público no taboleiro de anuncios sen que presentara reclamación ningunha.

5º.- O novo convenio ten por obxecto a incorporación do voo e obras auxiliares creadas ó amparo do anterior, a conservación e tratamento silvícola das masas forestais implantadas, o seu aproveitamento e a execución das obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes con tales fins.

6º.- O novo monte **PEREIRA, 271-7590** en consecuencia quedará constituído por:

108 ha procedentes do monte **PEREIRA, 271-6532**

Duración do convenio: dezoito anos.

SEGUNDO.- Que se rescindan 4 ha do convenio do monte PEREIRA, 271-6532, que foron transformadas en pastizal.

TERCEIRO.- Que por pasar 108 ha ó novo convenio do monte PEREIRA, 271-7590 e rescindirse 4 ha do mesmo que se transformaron en pastizal, se rescinda totalmente o convenio das seguintes características:

Nome do monte: PEREIRA

Número: 271-6532

Superficie: 112 ha

Pertenza: Propietarios da S.A.T. número 4.629

Concello: A Fonsagrada

Provincia: Lugo

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2003

O Subdirector Xeral de Recursos Forestais,



Teodoro Arribas Serrano.

Visto e prace
**O Director Xeral de Montes
e Industrias Forestais,**



Tomas Fernandez-Couto Juanas.

Excmo. Sr. Conselleiro de Medio Ambiente. Santiago de Compostela.-



Visto o expediente remitido pola Delegación provincial da Consellería de Medio Ambiente en Lugo, relativo a transformación do convenio do monte de propiedade privada denominado “MONTE DE PEREIRA” 271-6532, celebrado entre a Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación e a Sociedade Agraria de Transformación nº 4.629 e que afecta a unha superficie de 112 has., nun novo convenio cos actuais propietarios do monte, que incluya 108 has., procedentes do anterior convenio que se cancelaría, e excluindo as 4 has. restantes, que se transforman en pastizal.

Visto o poder notarial de data 26 de febreiro de 2002, outorgado polos propietarios do Monte de Pereira, a favor de Don José Antonio Freijo Fernández e Don Manuel Fernández Pérez, para os efectos de xestionar ante a Consellería de Medio Ambiente a aprobación dun novo convenio, e realiza-la tramitación da cancelación de calquera outro existente, que afecte ó monte da súa propiedade.

Vista a certificación emitida polo Secretario do Concello de A Fonsagrada, segundo a que o Edicto remitido polo Servicio de Montes e Industrias Forestais de Lugo, en relación ca aprobación do convenio do Monte de Pereira, permaneceu exposto ó público dende o día 2 de setembro de 2002, ata o día 2 de outubro de 2002, non presentándose durante dito período de tempo reclamación algunha ó efecto.

Vista a certificación de data 23 de outubro de 2002, e o informe do Xefe do servicio de Montes e Industrias Forestais de Lugo da mesma data, no que se propón a aprobación do convenio do “MONTE DE PEREIRA”, 271-7590, pertencente a Don José Antonio Freijo Fernández e outros, cunha superficie de 108 has. procedentes do convenio 271-6532, que se cancelaría na súa totalidade, xa que as 4 has restantes foron transformadas en pastizal.

Vistas as disposicións legais de aplicación, e en concreto a Lei de Montes de 8 de xuño de 1957, e o Decreto 485/1962, de 22 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de Montes,

Esta Sección Xurídica INFORMA FAVORABLEMENTE a aprobación do convenio do “MONTE DE PEREIRA” 271-7590, cunha superficie de 108 has. e propiedade de Don José Antonio Freijo e outros, e a cancelación na súa totalidade do convenio 271-6532, que afectaba ó monte propiedade da SAT nº 4.629.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2002.
A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA,



Asdo.: Mª José Tato Rocha.



Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais, e logo dos informes favorables emitidos pola súa sección xurídica e polo xefe do servizo provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aproba-lo convenio do monte PEREIRA coas seguintes características:

Nome do monte: **PEREIRA**

Número: 271-7590

Superficie: 108 ha (101 repoboadas e 7 inforestais)

Pertenza: D. José Antonio Freijo Fernández, D. Manuel Fernández Pérez e outros veciños.

Concello: A Fonsagrada

Provincia: Lugo

A contabilizar en concepto de subvención: 50 %

A contabilizar como anticipo reintegrable: 50 %

Xuro sobre o anticipo: 1% anual

Participación da comunidade propietaria no voo creado: 70 %

Participación da consellería de Medio Ambiente no voo creado: 30 %

Saldo da conta do convenio: **46.949,61 euros a favor da Xunta de Galicia.**

Duración do convenio: **dezaioito anos.**

SEGUNDO.- Aproba-la rescisión de 4 ha do convenio do monte PEREIRA, 271-6532, que foron transformadas en pastizal.

TERCEIRO.- Que por pasar 108 ha ó novo convenio do monte PEREIRA, 271-7590 e rescindir 4 ha do mesmo que se transformaron en pastizal, **aproba-la** rescisión total do convenio das seguintes características:

Nome do monte: **PEREIRA**

Número: 271-6532

Superficie: 112 ha

Pertenza: Propietarios da S.A.T. número 4.629

Concello: A Fonsagrada

Provincia: Lugo

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de Reposición con carácter potestativo ante o Conselleiro de Medio Ambiente no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente o recurso Contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, prazos que comezarán a contar a partir do día seguinte ó da recepción da notificación, de acordo co disposto nos artigos 107, 109, 116 e 117 da Lei 4/99 de modificación da Lei 30/92, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e nos artigos 10 e 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo da xurisdicción contencioso-administrativa, ou exercitar calquera outro que estime pertinente.

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2003

O CONSELLEIRO
(por Orde do 29/1/2003)
O Secretario Xeral,



Justo de Benito Basanta

Ilmo. Sr. Director Xeral de Montes e Industrias Forestais.-
Santiago de Compostela.-

C O N V E N I O

N.º	271	7590
-----	-----	------

En Santiago de Compostela, a 28 de febreiro de dous mil tres ~~de mil novecentos~~
~~noventa e~~ .

R E U N I D O S

Dunha banda, D. JOSÉ MANUEL BARREIRO FERNÁNDEZ , Conselleiro de Medio Ambiente, en virtude da representación que legalmente ostenta.

Da outra, D. José Antonio Freijo Fernández, con DNI: 76.567.937 e D. Manuel Fernández Pérez, con DNI: 76.570.936, ambos con domicilio en Pereira de Bastida, municipio de a Fonsagrada

como representantes dos propietarios do monte "DE PEREIRA"
segundo se acredita no poder notarial que se xunta.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

E X P O Ñ E N

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

Ó abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servizos á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, do 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279/78, do 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69/84, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexeráse polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.- O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas no Convenio subscrito con data do 22 de Agosto de 1.984 para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2.ª, quedando anulado este Convenio na parte afectada polo presente documento.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Convenio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Convenio anterior, que continuará pertencendo ós propietarios (rísquese, de non existir).

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.- Os terreos afectados polo presente Convenio son propiedade dos outorgantes do poder notarial, e son os que a continuación se detallan:

Denominación: "DE PEREIRA"
Termo municipal: A Fonsagrada Provincia: Lugo

Límites:

N.: Monte "DE QUEIXOIRO"; 2716530

X: E.: Propiedades particulares y monte "DE BARBEITOS Y SILVELA", 2717569 (antes "SERRA DO INVERNAL")

X: S.: Monte "DE PARADANOVA E FONSAGRADA", 2717533 e

O.: Propiedades particulares

Superficie: 108 (cento oito) Hectáreas

Estado forestal: 101 (cento unha) Hectáreas repoboadase 7 (sete) Hectáreas inforestais

Con arborado pertencente ós propietarios do chan: -

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do Convenio anterior, que se converte e anula: 101 (cento unha) Hectáreas

Sen vexetación arbórea: 7 (sete) Hectáreas inforestais

Servidumes: -

TÍTULO DE PROPIEDAD

Por Herdanza dos seus antepasados

Inscrita no Rexistro da Propiedade de

Tomo (s) Folio (s)

Finca (s)

Inscripción (s)

3ª.- O chan continuará pertencendo a D. José Antonio Freijo Fernández e D. Manuel Fernández Pérez e o restodos veciños outorgantes do Poder Notarial.

que achega ó convenio:

- a) A súa participación no voo creado en virtude do convenio sinalado.
- b) Os terreos descritos na cláusula segunda.
- c) O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.- A Consellería de Medio Ambiente aporta ó convenio a súa participación no voo creado e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dea lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o cincuenta por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante cincuenta por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do un por cento anual.

Así mesmo satisfará a Consellería de Medio Ambiente o importe total que corresponda da cota empresarial da Seguridade Social Agraria. Este pagamento terá a consideración de anticipo e como tal se recollerá na conta do convenio.

5ª.- Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acredor resultante de actualiza-las contas de gastos e ingresos do convenio anterior, que quedará parcial ou totalmente extinguido. Este saldo, que será a diferenca entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Medio Ambiente, e os ingresos desta considerarase anticipo e, a partir del, aplicarse á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de convenios a converter é como segue: cento oito Hectáreas do monte "DE PEREIRA"
2716532

6ª.- As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Medio Ambiente.

7ª.- Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o trinta por cento será para a Consellería de Medio Ambiente, e o setenta por cento restante, para os propietarios do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Medio Ambiente recibirá o - por cento, e ós propietarios, o - por cento restante.

Se, como consecuencia da execución dun aproveitamento, a participación da Consellería de Medio Ambiente excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregarse o exceso ós propietarios.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade dos propietarios, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.- En caso de incendio, a Consellería de Medio Ambiente procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuíndo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.- O presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola propiedade do chan e pola Consellería de Medio Ambiente. Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Medio Ambiente asumirá a posesión do voo que se cree, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscribible no Rexistro da Propiedade.

10ª.- A duración deste convenio será por un período de dezaoito anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería de Medio Ambiente, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que sustentase, á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogarse o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Medio Ambiente se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerarase este tacitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Medio Ambiente do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións Patrimoniais e actos xurídicos documentados

11ª.- Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Medio Ambiente, se esta o precisar.

12ª.- O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería Medio Ambiente interpretará e resolverá tódalas cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo perante o Conselleiro de Medio Ambiente no prazo dun mes ou ben interpoñer directamente o recurso contencioso - administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses de acordo con disposto nos artigos 107 e 116 da Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réximen Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e nos artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo da Xurisdicción Contencioso - Administrativa, ou exercitar calquera outro que estime pertinente.

Asdo.: José Antonio Freijo Fernández

Asdo.: Manuel Fernández Pérez

D. TOMÁS FERNÁNDEZ-COUTO JUANAS, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.



Pola propiedade,

Pola Consellería de Medio Ambiente,

Asdo.: José Antonio Freijo Fernández

Asdo.: Manuel Fernández Pérez



O SECRETARIO XERAL

Asdo.: Justo de Benito Basanta

En el lugar de Pereira, municipio de A Fonsagrada, siendo las 13,00 h. Del día 30 de Abril del año 2002, se reúnen D. JOSÉ ANTONIO FREIJO FERNÁNDEZ, con DNI: 76.567.937 y D. MANUEL FERNÁNDEZ PÉREZ, con DNI: 76.570.936, hijo de D. PEDRO FERNÁNDEZ LÓPEZ, ambos con domicilio en Pereira de Bastida y ACUERDAN,

en virtud del Poder Notarial otorgado en A Fonsagrada, el 26 de Febrero del año 2002, Por D. PEDRO FERNÁNDEZ LÓPEZ, D. ARMANDO GÓMEZ ALONSO, D. OLIVERIO ÁLVAREZ LÓPEZ y D. FERMÍN FERNÁNDEZ LÓPEZ,

1º.- Proponer a la Consellería de Medio Ambiente de la Xunta de Galicia la firma de un nuevo Convenio para el monte "MONTE DE PEREIRA", 2716532, en el que los vecinos propietarios sustituyen a la S.A.T. nº 4.629. Las características del nuevo monte serán:

Nombre: "DE PEREIRA"

Superficie: 108 Hás

Límites:

- N.- Monte "DE QUEIXOIRO", 2716530, en Convenio;
- E.- Monte "DE BARBEITOS Y SILVELA", 2717569
- S.- Monte "DE PARADANOVA Y FONSAGRADA", 2717533 y
- O.- Propiedades particulares.

2º.- Solicitar de la Consellería de Medio Ambiente la cancelación del Convenio del monte "MONTES DE PEREIRA", de las 4 Hás transformadas en pastizal. Los gastos habidos en ella ya han cargado a la cuenta del Convenio.

3º.- Solicitar de la Consellería de Medio Ambiente que el nuevo Convenio, en la parte que le afecta, anule y sustituya al Convenio del monte "MONTES DE PEREIRA", 2716532.